

Públicas e Transportes resolver sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

II.2. Segundo o disposto nos artigos 85.7º e 227 da Lei 9/2002, para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio debe analizar os seguintes aspectos:

a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.

b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.

c) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

II.3. A Dirección Xeral de Urbanismo elevou o 7-5-2007 un informe-proposta en que se analiza o contido da documentación presentada nos seguintes termos:

1. Para o cumprimento da Orde do 30-1-2007, o Concello de Vedra presenta un documento independente do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2. Neste documento aparecen corrixidas as deficiencias sinaladas na Orde do 30-1-2007 de carácter substancial; non obstante, non se presenta o documento corrixido do Plan Xeral de Ordenación Municipal, como establece a propia orde. Polo que o concello deberá remitir o documento corrixido do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en número de tres exemplares (Orde do 26-10-1984), para que esta consellería proceda a efectuar a dilixencia de aprobación definitiva.

### III. Resolución.

En virtude de todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 85.5º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,

#### RESOLVO:

1. Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vedra.

2. O Concello deberá remitir a esta consellería, por triplicado exemplar, o documento corrixido do Plan Xeral de Ordenación Municipal onde se recollan todas as determinacións da aprobación definitiva, para que por parte desta consellería se proceda a efectuar o seu dilixenciamento.

3. Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2007.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

*Resolución do 10 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se elevan a definitivas as relacións provisionais de admitidos e excluídos nas probas para a obtención da capacitación profesional para o exercicio da actividade de transportista por estrada, axencia de transportes, transitario e almacenista distribuidor, convocadas por Resolución do 3 de xaneiro de 2007.*

En xuntanza realizada o 10 de maio de 2007, para lle dar cumprimento ao establecido na Resolución do 3 de xaneiro de 2007 pola que se convocan probas de obtención da capacitación profesional para o exercicio da actividade de transportista por estrada, axencia de transportes, transitario e almacenista distribuidor, o tribunal cualificador

#### ACORDOU:

Unha vez finalizado o prazo establecido para a presentación de documentación por parte dos aspirantes que figuraban provisionalmente como excluídos, elevar a definitivas as listas provisionais de admitidos e excluídos das devanditas probas, e anunciar a súa exposición pública de conformidade coa base cuarta punto 4 da resolución da convocatoria, nos organismos seguintes: servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, servizos provinciais de Transportes e nas delegacións provinciais da devandita consellería. Poderá consultarse igualmente as relacións definitivas na páxina web da Dirección Xeral de Transportes <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/99>.

Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado, e quedará expedita a vía procedente.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2007.

Mar Chao López  
Directora xeral de Transportes

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 11 de maio de 2007 pola que se ditan normas relativas ao recoñecemento de trienios ao persoal funcionario interino docente e ao profesorado de relixión ao servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Advertido o erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 95, do venres 18 de maio de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.191, no artigo 2º, punto 1, onde di: «Ao persoal ao que se fai referencia nos puntos e 2 do artigo anterior...», debe dicir: «Ao persoal ao que se fai referencia nos puntos 1 e 2 do artigo anterior...».